

ACTA DE APERTURA DO “SOBRE B” DENOMINADO CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. REFERENCIAS TÉCNICAS DO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS CULTURAIS DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as doce horas do día 28 de agosto de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **SERVIZO DE ESCOLAS CULTURAIS DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

David Santomil Mosquera, Concelleiro delegado de Educación e Cultura.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria municipal do Concello de Ames

Leopoldo Moure Dopico, Interventor do Concello de Ames.

Emilio Garrido Moreira, Auxiliar administrativo do Servizo de Contratación

Secretaria:

Maria Isabel Quintáns Rios, Auxiliar Administrativa do Departamento de Contratación

Na sesión da mesa de contratación celebrada o pasado 21 de agosto de 2017, procedeuse á apertura dos sobres “A”, que contiñan a documentación administrativa, das seguintes empresas que presentaron proposición:

1. AURORA GARCÍA GARCÍA
2. AXOUXERE DEPORTE E ANIMACIÓN SL
3. ESPROADE SL
4. PRODUCCIÓN TEATRAIS TALÍA SL
5. SERVIPLUSTOTAL SL
6. TANIA DORCA MARTÍNEZ

Como resultado da valoración da documentación acordouse requirir a empresa Tania Dorca Martínez o Anexo IV (Declaración % de Subcontratación) debidamente cumprimentado, e o Anexo V (Certificado sobre traballadores con discapacidade) segundo o establecido nas cláusulas 17.1.4) e 17.1.5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares., e a empresa Serviplus total SL o Anexo IV (Declaración % de Subcontratación) segundo o establecido na cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares debendo aportar dita documentación no prazo de 3 días hábiles.

Aportada a documentación requirida en prazo as empresas anteriormente citadas, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade a admisión de todos os licitadores que presentaron proposición, que son:

| Empresa | Lote nº 1 | Lote nº 2 | Lote nº 3 |
|---------------------------------|-----------|-----------|-----------|
| AURORA GARCÍA GARCÍA | X | | |
| AXOUXERE DEPORTE E ANIMACIÓN SL | X | | |
| ESPROADE SL | X | X | |
| PRODUCCIÓN TEATRAIS TALÍA SL | | | X |
| SERVIPLUSTOTAL SL | X | X | X |
| TANIA DORCA MARTÍNEZ | | X | |

A continuación procédese á apertura dos sobres B denominados “*Criterios non avaliáveis de forma automática. Referencias Técnicas*” que conteñen as referencias técnicas dos licitadores admitidos.

Unha vez aberta a documentación e examinada polos membros da mesa de contratación, compróbase que:

- a) A empresa AURORA GARCÍA GARCÍA que presenta a súa proposta para o Lote nº 1 denominado Artes Plásticas nun formato aberto e sen asinar tal e como se solicitaba na cláusula 17.2 do PCAP “*os licitadores deberán achegar única e exclusivamente a Memoria explicativa asinada en soporte informático (memoria USB)*”
- b) En canto a empresa TANIA DORCA MARTÍNEZ que presenta a súa proposta para o Lote nº 2 denominado Escola de Baile esta non achega ningunha Memoria explicativa e detallada de como vai a desenvolver o servizo, só achega dous CD e unha memoria USB nos que se anexa os Currículms Vitae do persoal que vai a prestar o servizo.

Tendo en conta o detallado no parágrafo anterior, a mesa de contratación, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA:**

PRIMEIRO: Propoñer ao órgano de contratación a exclusión da empresa licitadora AURORA GARCÍA GARCÍA que presenta a súa proposta para o Lote nº 1 denominado Artes Plásticas por presentar a documentación en formato aberto e sen asinar

SEGUNDO.- Propoñer ao órgano de contratación a exclusión da empresa licitadora TANIA DORCA MARTÍNEZ que presenta a súa proposta para o Lote nº 2 denominado Escola de Baile por non achegar ningunha Memoria explicativa e detallada de como vai a desenvolver o servizo.

TERCEIRO.- Darlle traslado das ofertas técnicas presentadas polo resto dos licitadores ao departamento de Cultura para que, con carácter previo ao acto de apertura das ofertas económicas, procedan a súa valoración de acordo cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

CUARTO.- Unha vez valorados os criterios subxectivos que se conteñen no “Sobre B” do procedemento, procederase a publicar con 2 días de antelación no perfil do contratante e no taboleiro de edictos do concello a data e lugar do acto público de apertura dos “Sobres C” que conteñen as ofertas económicas.

E non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto, sendo as doce horas e trinta minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.